



Servizos Electro-Mecánicos
Expte. 380/440

DESTINATARIO:
MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO:

**VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS PARA A CONTRATACIÓN POLO
PROCEDIMENTO ABERTO PARA A
SUBMINISTRACIÓN DO MATERIAL ELÉCTRICO DETERIORADO.**

INFORME:

A mesa de contratación celebrada o pasado 30 de setembro realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación da **Subministración do material eléctrico para substitución do que se atopa deteriorado.**

Resultando admitidas as empresas que se indican a continuación:

- Imes-API
- Passco
- Digamel

Nas FEC, apartado 16, establécense os criterios denominados “*Criterios non valorables mediante fórmula*”, para a valoración de ofertas, sendo textualmente os seguintes:

16.1.1. Criterios non valorables a través de fórmula.

a) Melloras ofertadas: valorarase até un máximo de 30 puntos, a aportación económica até un máximo do 30% do presuposto de licitación de cada lote, e farán referencia ao indicado no apartado 6.2 da FEC.

As melloras deberán estar detalladas e valoradas economicamente de forma independente; aos únicos efectos da valoración das melloras só se terán en conta aquelas admitidas polos servizos técnicos e aos prezos unitarios establecidos polo servizo, no caso de desacordo cos prezos propostos polos licitadores. O valor económico das melloras derivado destes axustes será o que se utilice para a puntuación prevista para a valoración de este criterio, tendo en conta que a asignación da puntuación prevista para este criterio



Servizos Electro-Mecánicos
Expte. 380/440

farase proporcionalmente ao importe das mesmas admitidas polo servizo informante, con arranxo á seguinte fórmula:

$$Pi = (%Bo \times 30)/30$$

Onde:

Pi é a puntuación a outorgar a oferta

%Bo é a porcentaxe que o valor das melloras representan respecto do prezo de licitación de cada lote

En todo caso, se na valoración das melloras realizada polos servizos técnicos se superase o 30% do importe de licitación, o exceso sobre este límite non será valorado e se lle outorgará a oferta a puntuación máxima por este concepto.

VALORACIÓN DAS OFERTAS

A continuación expóñense as melloras contempladas por empresa e por lotes. As valoracións económicas presentadas para os diferentes conceptos están dentro dos valores do mercado.

Lote 1. LUMINARIAS:

- Imes-API: Presentan como melloras, Luminarias Carandini e Philips con lámpada incluída, cunha valoración económica de 619,20 €.
- Passco: Presentan como melloras, Luminarias de Philips e Carandini inclúen lámpadas. Pero non presentan valoración económica.
- Digamel: Non presentan melloras.

Lote 2. SOPORTES:

- Imes-API: Presentan as seguintes melloras, pernos de ancoraxe completos para columnas de 5 e 9 m, ferraxes para brazos murais, abrazadeira picas de terra e pintura para columnas, cunha valoración económica de 2.625,00 €.
- Passco: Non presentan melloras.
- Digamel: Non presentan melloras.



Servizos Electro-Mecánicos
Expte. 380/440

Lote 3. CONDUCTORES:


- Imes-API: Presentan como melloras, stockaxe de bobinas e subministro segundo necesidades e rolos cinta illante para marcado de conductores, cunha valoración económica de 1.100,00 €.
- Passco: Non presentan melloras.
- Digamel: Non presentan melloras.

A continuación preséntase táboa resumo dos puntos conseguidos por lotes para cada empresa.

	Puntuación Máxima	Imes-API	PASSCO	DIGAMEL
Lote 1. LUMINARIAS	30,00 puntos	2,27	0,00	0,00
Lote 2. SOPORTES	30,00 puntos	23,34	0,00	0,00
Lote 3. CONDUCTORES	30,00 puntos	3,73	0,00	0,00

Faise constar ademais, que a empresa Passco indica un prazo de garantía de dous anos, un ano máis do mínimo esixido no prego, que sería valorable con 2,5 puntos segundo o criterio mediante fórmula para o prazo de garantía (16.1.2.B), cuxa valoración entendemos que non é obxecto deste informe, dado que este criterio contéplase na proposta tipo da oferta económica.

EI/edr

Vigo, 6 de outubro de 2010
Xefe dos Servizos Electromecánicos

Asdo. Emilio Iglesias Álvarez

CRITERIOS NON VALORABLES MEDIANTE FÓRMULAS. MEJORAS OFERTADAS.

	PTOS	DIGAMEL	PTOS	PASSCO	PTOS	IMES-API	PTOS
LOTE 1: LUMINARIAS		NON PRESENTA	0,00	*AS LUMINARIAS DE PHILIPS E CARANDINI INCLUEN LÁMPADAS. PERO NON PRESENTAN VALORACIÓN ECONÓMICA	0,00	*LUMINARIAS CARANDINI E PHILIPS CON LÁMPADA INCLUIDA (619,20 €)	2,27
PUNTUACIÓN LOTE 1	30,00		0,00		0,00		2,27
LOTE 2: SOPORTES		NON PRESENTA	0,00	NON PRESENTA	0,00	(2.625,00 €) *PERNOS DE ANCORAXE COMPLETOS PARA COLUMNAS DE 5 E 9M *FERRAXES PARA BRAZOS MURALS *ABRAZADEIRA PICAS DE TERRA *PINTURA PARA COLUMNAS	23,34
PUNTUACIÓN LOTE 2	30,00		0,00		0,00		23,34
LOTE 3: CONDUCTORES		NON PRESENTA	0,00	NON PRESENTA	0,00	*STOCKAXE DE BOBINAS E SUBMINISTRO SEGUUNDO NECESIDADES *ROLLOS CINTA AILLANTE PARA MARCADO DE CONDUCTORES (1.100,00€)	3,73
PUNTUACIÓN LOTE 3	30,00		0,00		0,00		3,73